



## **CIRCULAR SOBRE A LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (LCSP)**

Un texto como a Lei 9/2017 (en diante LCSP), que determina o réxime de aplicación aos contratos do sector público e cuxo obxectivo principal foi traspoñer ao dereito español as directivas europeas 2014/23/UE e 2014/24/UE, require unha análise exhaustiva que excede da finalidade desta circular, que só intenta dar una información que sirva de aproximación aos novos cambios normativos recollendo as cuestións de maior relevancia para os centros xestores.

Segundo establece a disposición final décimo sexta, a **entrada en vigor** desta lei presenta catro momentos diferenciados:

- **10 de novembro de 2017**, momento no que entraron en vigor xa a disposición final décima, referida a unha modificación da normativa sobre o IVE, e os artigos 328 a 334, referidos ao réxime xurídico da Xunta Consultiva de Contratación do Estado.
- **9 de marzo de 2018**, en que entra en vigor a maior parte da lei, salvo as excepcións que agora se dirán.
- **10 de setembro de 2018**, momento en que entrará en vigor a obriga de todos os licitadores de procedementos abertos simplificados e supersimplificados de estaren inscritos no rexistro oficial correspondente (obriga imposta no apartado 4.a) do artigo 159) e o requisito de que a condición de medio propio se recoñeza nos estatutos ou actos de creación, co cumprimento dos novos requisitos que establece a letra d) do apartado 2 del artigo 32.
- **Terceiro parágrafo do apartado 1 do artigo 150**, referido a condutas colusorias -aquelas que poden impedir, restrinxir, ou falsear a competencia por parte dos licitadores-, que entrará en vigor no momento en que o faga a disposición regulamentaria a que se refire o propio artigo.
- **Réxime transitorio**: Establécese en cinco disposicións transitorias distintas, das cales catro interesan ao ámbito local -a segunda refírese exclusivamente ao Estado.

### **A que procedementos de contratación se aplica a nova lei?**

A disposición transitoria primeira, no seu punto 1, determina que a nova lei será de aplicación aos **procedementos iniciados despois do 9 de marzo de 2018, entendéndose que o momento de quedar iniciados é o da publicación no perfil do contratante das convocatorias (non o de aprobación dos pregos ou da emisión dun informe de**



**necesidade do contrato).** Para os procedementos negociados sen publicidade terase en conta a data de aprobación dos pregos .

### **É aplicable a nova lei aos contratos xa adxudicados?**

A disposición transitoria primeira, apartado 2, establece que os efectos, cumprimento, extinción, modificación, duración e prórrogas se rexen pola normativa anterior (Texto refundido da lei de contratos do sector público, en diante TRLCSP).

Non obstante, hai unhas regras especiais que determinan a aplicación da nova lei a determinados actos a pesar de que sexan referidos a contratacións anteriores á entrada en vigor e das cales destacamos:

- Os acordos de rescate e encargos que se fagan con posterioridade ao 9 de marzo de 2018 (disposición transitoria primeira, punto 3).
- A interposición do recurso especial en materia de contratación, que poderá interpoñerse contra actos que se diten tras o 9 de marzo de 2018 aínda que sexa un expediente ao que se aplique a lexislación contractual anterior (disposición transitoria primeira punto 4).
- As revisións de oficio e procedementos de recurso iniciados antes do 9 de marzo seguirán tramitándose consonte o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, por el que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

### **Cando se aplica a obriga dos licitadores de estaren inscritos no rexistro de licitadores?**

A obriga de estar neste rexistro afecta a todos os licitadores que se presenten en procedementos abertos simplificados e supersimplificados e está demorada ata o 10 de setembro de 2018. En tanto chega este momento, a acreditación da capacidade, da solvencia e da ausencia de prohibicións para contratar efectuarase da forma establecida na lei con carácter xeral.

#### **Novidades da lei**

##### **1. Necesidade e idoneidade do contrato**

(Artigo 28)

Esta obriga cúmprese co modelo que xa tiñamos establecido de informe xustificativo da necesidade e idoneidade procedente do artigo 22 da anterior LCSP. A norma complétase agora coa obriga de planificar e publicar a actividade contractual anual, polo menos para



os contratos sometidos a regulación harmonizada, mediante un anuncio de información previa.

O plan anual de contratación debe recoller unha relación de contratos, cos datos básicos: obxecto, valor estimado, duración, procedemento e data estimada de licitación, para que as empresas poidan coñecer anticipadamente os plans de contratación, estaren atentas á convocatoria e planifiquen as ofertas. Trátase dun plan indicativo, que non obriga a licitar todos os contratos ou a facelo coas condicións concretas anunciadas.

O anuncio de información previa do 134 (o mesmo que regulaba o art. 141 do TRLCSP) limitase aos contratos sometidos a regulación harmonizada cando se considere conveniente reducir os prazos para presentar ofertas.

**Cobra especial relevancia o estudo económico previo á licitación para determinar o orzamento base da licitación.** No prego de cláusulas administrativas constarán os custos directos e indirectos, así como outros gastos tidos en conta para o seu cálculo. Nos contratos nos que **o custo dos salarios das persoas empregadas para a súa execución forme parte do prezo total do contrato, o orzamento base de licitación indicará, de forma desagregada e con desagregación de xénero e categoría profesional, os custos salariais estimados a partir do convenio laboral de referencia.**

**REGRA XERAL:** División en lotes para facilitar o acceso das pequenas e medianas empresas (PEMES)

## **2. Incorporación do contrato de concesión de servizos**

A LCSP/2017 non introduce demasiadas novidades na tipoloxía de contratos do TRLCSP. Dá cumprimento ás prescricións esixidas pola normativa comunitaria reordenando as categorías contractuais.

Nesa reordenación contractual desaparece o contrato de colaboración público-privada e tamén o de xestión de servizos públicos, que se ve "substituído" polo contrato de concesión de servizos, no que o concepto clave será o de transferencia do risco operacional ao contratista.

## **3. Procedementos de contratación: Procedemento aberto, procedemento aberto simplificado e simplificado sumarísimo ou supersimplificado**

Para os efectos de determinar os limiares de acceso a estes procedementos considérase o concepto "valor estimado" definido no artigo 101.

**Procedemento aberto:** Contratación de obras por contía superior a 2.000.000 euros; e servizos ou subministrados, por contía superior 100.000 euros



**Procedemento aberto simplificado:** Contratación de obras por contía igual ou inferior a 2 millóns, e para servizos ou subministracións ata 100.000 €.

**Procedemento aberto supersimplificado:** Contratación de obras, por contía igual o inferior a 80.000 € e de servizos ou subministracións ata 35.000 €, agás os servizos de carácter intelectual).

### 3.1 Tramitación procedemento aberto:

No que se refire á tramitación non hai cambios con respecto á lei anterior, polo tanto realizarase como ata agora.

### 3.2 Tramitación procedemento aberto simplificado:

Para contratos de obras, servizos e subministracións que cumpran estes requisitos:

- a) Contía do valor estimado igual ou inferior a 2 millóns de € en obras.
- b) Contía do valor estimado igual o inferior a 100.000 € en servizos e subministracións.
- c) Sen criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor ou que estes non superen 25% (45% en prestacións de carácter intelectual).

Trámites:

- Publicación só no perfil de contratante (toda a documentación para a realización da oferta).
- Prazo de presentación de ofertas mínimo de 15 días, ou de 20 días en obras.
- Licitadores inscritos sempre no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas.
- Non se pedirá garantía provisional.
- As proposicións só se presentarán no rexistro indicado no anuncio.
- Presentarase unha declaración responsable do licitador.
- Oferta: un só sobre se non hai criterios de adxudicación que dependan dun xuízo de valor. Dous sobres se os hai.
- Valoración técnica dos criterios que dependan de xuízo de valor: 7 días
- Será público o acto de apertura da oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante fórmulas, se ben o art. 157.4 establece a lectura do resultado da puntuación dos criterios subxectivos.
- A mesa de contratación avalía e clasifica as ofertas, realiza a proposta de adxudicación e comproba os datos do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (en adiante ROLECE)



- Requirir documentación que non apareza no ROLECE e garantía definitiva no prazo de 7 días hábiles.
- En ofertas desproporcionadas, o licitador terá 5 días para xustificalas.
- Adxudicación e formalización en 5 días
- No non previsto aplicaranse as normas do procedemento aberto.
- Non cabe redución de prazos en casos de urxencia.

### 3.3 Tramitación procedemento aberto supersimplificado

- Para contratos de obras cun valor estimado sexa inferior a 80.000 €.
- Para subministracións e servizo cun valor estimado inferior a 35.000 euros, salvo os servizos de carácter intelectual.

#### Trámites:

- Prazo de presentación de ofertas: mínimo 10 días hábiles. Para compras correntes de bens: mínimo 5 días hábiles.
- Non se pedirá a acreditación da solvencia.
- A oferta estará nun único sobre ou arquivo electrónico.
- As ofertas abriranse electronicamente, sen acto público. Ofertas e valoración serán accesibles desde que se notifique a adxudicación.
- Non se pedirá garantía definitiva.
- A formalización do contrato poderá efectuarse mediante sinatura do contratista aceptando a resolución de adxudicación.
- No non previsto, aplicarase o procedemento aberto simplificado.

### 3.4 Contratos menores:

A lei restrinxe considerablemente os contratos menores, reducindo as súas contías, limitando os que se poden asignar ao mesmo adxudicatario no mesmo exercicio (**40.000€ en obras e 15.000€ en servizos e subministracións**) e establecendo novas esixencias procedementais (informe xustificativo publicado no perfil do contratante, art. 118 en relación co 63). Ademais, os órganos consultivos estatais e autonómicos, reiteran que os **contratos menores só poden utilizarse para cubrir necesidades esporádicas e imprevistas, que requiran ser adxudicadas con celeridade.**

Isto esixe analizar os gastos realizados mediante contratos menores e tramitar contratos con concorrencia para adxudicar as prestacións que se adxudican por este procedemento e que teñen carácter periódico, moi especialmente aquelas nas que a facturación do mesmo contratista supera os límites que marca o artigo 118 da LCSP. Para cubrir esas necesidades, deben articularse contratos de servizos ou



subministracións “de forma sucesiva e por prezo unitario” (arts. 16.3.a), 17 e disposición adicional 33ª da LCSP), acordos marco ou outro sistema de racionalización da contratación (arts. 218 a 230).

Nos contratos menores **hai tramitación** e esta debe incluír o **informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato**. Así mesmo, requirirase a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas establezan. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o seu orzamento, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Ademais de todo o anterior, débese incorporar outro informe importante: “No expediente **xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu máis contratos menores que individual o conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo**. O órgano de contratación comprobará o cumprimento desta norma. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a).2.”

A interpretación do artigo 118 realizada pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado concrétase no seguinte:

*A finalidade do precepto é xustificar no expediente de contratación que non se altera indebidamente o obxecto do contrato coa finalidade de defraudar os límites previstos para o contrato menor. Esta conduta defraudadora queda prohibida na lei calquera que sexa o momento en que se produza. A lei non inclúe unha limitación á celebración de contratos menores cun mesmo operador económico cando as prestacións obxecto destes sexan cualitativamente diferentes e non formen unha unidade. Por iso, fóra dos casos de alteración fraudulenta do obxecto do contrato, si é posible celebrar outros contratos menores co mesmo contratista, pero neste caso deberá xustificarse adecuadamente no expediente que non se dan as circunstancias prohibidas pola norma.*

*Cando entre dous contratos menores cuxas prestacións sexan equivalentes mediara máis dun ano, contado desde a aprobación do gasto, unha vez que se faga constar no expediente o transcurso deste período de tempo, non será necesario proceder a unha ulterior xustificación no expediente de contratación do segundo contrato menor.*



É dicir, os centros xestores poderán tramitar contratos menores cun mesmo provedor para un mesmo obxecto contractual sempre que no período dun ano contado dende a aprobación do gasto correspondente ao primeiro contrato menor non se excedera do importe de 40.000 euros máis IVE en obras e 15.000 euros en servizos e subministracións.

O límite de contratación menor por provedor opera en relación co obxecto de contrato, importe e tempo.

En canto á **transparencia**, o art. 118 conclúe cunha remisión, sinalando que "os contratos menores na forma prevista no artigo 63.4", o cal dispón que a publicación no perfil de contratante da **información relativa aos contratos menores deberá realizarse cando menos trimestralmente**. A información que cómpre publicar para este tipo de contratos será, como mínimo o seu obxecto, duración, importe de adjudicación, incluído o imposto sobre o valor engadido, e a identidade do adjudicatario, que será o **criterio polo que se ordenarán**. E todo con selo de tempo ("O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fidedignamente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa nel.")

#### **4. Mesas de contratación, cunha composición máis técnica**

O artigo 326 **proscribe a presenza de políticos** nas mesas, salvo nas Entidades Locais, cun terzo como máximo (disposición adicional 2ª.7); non se admite a participación de **persoal eventual** e tampouco poderán emitir informes de valoración nin uns nin outros; a participación de **interinos** só se permite cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados, o que cómpre acreditar no expediente.

O parágrafo terceiro do artigo 326.5 establece unha medida especialmente importante para garantir a imparcialidade da mesa: **no poderá formar parte "o persoal que participara na redacción da documentación técnica** do contrato de que se trate"

A disposición adicional 2ª.7 establece a **composición das mesas de contratación** do seguinte xeito:

- Presidente: un membro da corporación ou un funcionario desta.
- Vogais: asesor/a xurídico/a, interventor/a, mais aquelas outras persoas designadas polo órgano de contratación entre o persoal de carreira ou laboral ao servizo do Concello sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. **Os membros electos que formen parte da mesa non poderán exceder dun terzo do total de membros da mesma.**
- Secretario: un funcionario do Concello.



A composición da mesa publicarase no perfil do contratante e poderase constituír unha mesa de contratación permanente

#### **5. Comité de expertos**

(Artigo 146.2.a)

Tal e como se establecía na norma anterior, o comité de expertos intervéñ para a avaliación dos criterios que dependan dun xuízo de valor nos casos en que estes teñan máis peso que os avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes. Os comités poden estar integrados por calquera **funcionario de carreira ou persoal laboral fixo con cualificación apropiada que non participara na redacción da documentación técnica do contrato** que se valora e, en todo caso, entre este persoal haberá un técnico xurista especializado en contratación pública.

#### **6. Criterios de adxudicación**

(Artigos 145, 146 e 147 da LCSP)

Substitúese a denominación “criterios de valoración de ofertas” pola de “criterios de adxudicación do contrato”.

Substitúese a denominación “oferta economicamente máis vantaxosa” pola de “mellor relación calidade prezo”.

Estes criterios deben cumprir os seguintes requisitos:

- a) Deberán estar vinculados ao obxecto do contrato.
- b) Seren formulados de maneira obxectiva, con pleno respecto aos principios de igualdade, non discriminación, transparencia e proporcionalidade; non conferirán ao órgano de contratación unha liberdade de decisión ilimitada.
- c) Deberán garantir a posibilidade de que as ofertas sexan avaliadas en condicións de competencia efectiva.

Determinanse dúas grandes clasificacións de criterios:

- a) **Pola súa natureza**, distínguese entre criterios **económicos** e criterios **cualitativos**. Os económicos, ou criterios relacionados cos custos son o prezo ou unha formulación baseada na rendibilidade, como por exemplo o custe do ciclo de vida. Os cualitativos son a calidade (que inclúe valor técnico, características estéticas e funcionais, accesibilidade, deseño universal, características sociais e características ambientais), a organización, cualificación e experiencia do persoal adscrito ao contrato e o servizo posvenda. Os criterios cualitativos deben supoñer,



polo menos, o 51 por cento da puntuación nos contratos de servizos do anexo IV e naqueles que teñan por obxecto prestacións de carácter individual.

- b) **Pola forma de valoralos**, distínguese entre criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes e criterios cuxa avaliación depende dun xuízo de valor. Dáse preponderancia aos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a partir da aplicación das fórmulas establecidas nos pregos. Mantense o comité de expertos, especificase que os seus membros, que deben ser como mínimo tres, poden pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación pero non poden estar adscritos ao órgano proponente do contrato. Como novidade, dáse a posibilidade de que esta valoración se encomende a un organismo técnico especializado identificado nos pregos. A mesa de contratación, cando interveña, ou os servizos dependentes do órgano de contratación, en caso contrario, serán os encargados de valorar os criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor se a ponderación que se atribúe é inferior aos criterios automáticos e tamén, en todo caso, serán os encargados de valorar os criterios avaliados mediante a utilización de cifras, porcentaxes ou fórmulas.

**Desaparece o prezo como criterio que sempre debe recollese.** Neste sentido, o artigo 146.1 dispón que, cando só se utilice un criterio de adjudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, como o custe do ciclo de vida. E, por outro lado, **descártase a posibilidade de que só aparezan criterios cualitativos**, posto que o último parágrafo do artigo 145.2 dispón que estes deberán ir acompañados dun criterio relacionado cos custos que, a elección do órgano de contratación, poderá ser o prezo ou unha formulación baseada na rendibilidade. Non obstante, non se poderá usar un único criterio nos casos expostos no artigo 145.3.

Definense as **melloras** como as prestacións adicionais ás que figuran definidas no proxecto e no prego de prescricións técnicas, que non poden alterar a natureza destas nin o obxecto do contrato. Pero, ademais, limitase o seu uso cando a súa avaliación dependa dun xuízo de valor, en cuxo caso non poderá asignárselles unha valoración superior ao 2,5 %.

O artigo 147 dá a posibilidade de que os pregos inclúan criterios de desempate para cando, tras a aplicación dos criterios de adjudicación, se produza un resultado igual entre dúas ou máis ofertas. Se non existe esta previsión, o desempate resolverase mediante a aplicación, por orde, dos criterios sociais establecidos no artigo 147.2.

Tal e como se viña facendo ata a agora, o centro xestor que propoña o contrato propondrá asemade os criterios de adjudicación, que serán revisados polo Departamento de Contratación.

## **7. Prevención da corrupción**



(Artigos 1, 64, 71, 72, 73, 326, 327, 328, 329, 332, 333, 334, 335 e 336 da LCSP)

A LCSP pretende incrementar a transparencia para loitar contra o fraude e a corrupción na consecución do principio de integridade na contratación pública.

En atención a isto, o artigo 64 introduce una norma especial relativa á loita contra a corrupción e a prevención dos conflitos de intereses mediante a cal se impón aos órganos de contratación a obriga de tomar as medidas adecuadas para loitar contra o fraude, o favoritismo e a corrupción, e previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación. Para estes efectos, ampliase o concepto de conflito de intereses.

Así mesmo, ampliáanse as prohibicións para contratar e modifícase a competencia, o procedemento e os efectos dunha declaración deste tipo (artigos 71, 72 e 73)

A LCSP pretende incrementar a transparencia para loitar contra o fraude e para iso regula a actuación da **Oficina Nacional de Avaliación** no artigo 333:

*3. A Oficina Nacional de Avaliación, con carácter previo á licitación dos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos que subscribirán os poderes adjudicadores e entidades adjudicadoras, así como outros entes, organismos e entidades dependentes da Administración xeral do Estado e das corporacións locais, emitirá informe preceptivo nos seguintes casos:*

*a) Cando se realicen achegas públicas á construción ou á explotación da concesión, así como calquera medida de apoio ao financiamento do concesionario.*

*b) Respecto das concesións de obras e concesións de servizos en que a tarifa sexa asumida total ou parcialmente polo poder adjudicador concedente, cando o importe das obras ou os gastos de primeiro establecemento superen un millón de euros.*

*Así mesmo, emitirá informe sobre os acordos de restablecemento do equilibrio do contrato, nos casos previstos nos artigos 270.2 e 290.4 respecto das concesións de obras e concesións de servizos que sobre as cales se emitise previamente informe de conformidade coas letras a) e b) anteriores ou que, sen teren sido sometidas a informe, supoñan a incorporación no contrato dalgún dos elementos previstos nestas.*

*A Oficina Nacional de Avaliación poderá propor, en atención aos resultados obtidos das actuacións previstas na Estratexia nacional de contratación pública, a ampliación do ámbito de aplicación deste artigo a contratos distintos dos recollidos nos parágrafos anteriores. A ampliación do ámbito aprobarase mediante orde do ministro de Facenda e Función Pública, por proposta da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Cada comunidade autónoma poderase adherir á Oficina Nacional de Avaliación para que realice os ditos informes ou, se creou un órgano ou organismo equivalente, solicitaralle estes informes preceptivos a este cando afecte os seus contratos de concesión.*



*O Comité de cooperación en materia de contratación pública fixará as directrices apropiadas para asegurar que a elaboración dos informes se realiza con criterios suficientemente homoxéneos.*

*4. Os informes previstos no número anterior avaliarán se a rendibilidade do proxecto, obtida en función do valor do investimento, das axudas outorgadas, dos fluxos de caixa esperados e da taxa de desconto establecida é razoable en atención ao risco de demanda que asuma o concesionario. Na dita avaliación terase en conta a mitigación que as axudas outorgadas poidan supor sobre outros riscos distintos do de demanda que habitualmente deban soportar os operadores económicos.*

*Nos contratos de concesión de obras en que o aboamento da tarifa concesional o realice o poder adxudicador, a Oficina avaliará previamente a transferencia do risco de demanda ao concesionario. Se este non asume completamente o dito risco, o informe avaliará a razoabilidade da rendibilidade nos termos previstos no parágrafo anterior.*

*Nos acordos de restablecemento do equilibrio do contrato, o informe avaliará se as compensacións financeiras establecidas manteñen unha rendibilidade razoable segundo o disposto no primeiro parágrafo deste número.*

## **8. Procedemento con negociación e de asociación para a innovación**

(Subseccións 4ª e 6ª da sección 2ª do capítulo I, do título I do libro segundo da LCSP)

A LCSP acaba coa anterior denominación de "procedemento negociado" e introduce unha nova denominada "procedemento con negociación". O máis destacado é que **desaparecen os supostos de negociación con ou sen publicidade por razón da contía e respecto das obras e servizos complementarios (artigos 167 a 169 da LCSP)**

Por outro lado, hai que destacar a aparición dun novo procedemento que, en realidade, é un subtipo perfectamente encadrable no procedemento restrinxido e no negociado, o procedemento de asociación para a innovación, previsto para aqueles casos nos que resulte necesario realizar actividades de investigación e desenvolvemento respecto a obras, servizos e produtos innovadores, para a súa posterior adquisición pola administración. Trátase, polo tanto, de supostos nos que as solucións dispoñibles no mercado no cobren satisfactoriamente as necesidades do órgano de contratación. Así, tras unha convocatoria de licitación, calquera empresario pode formular unha solicitude de participación, tras a cal, os candidatos que resulten seleccionados poderán formular ofertas, converténdose así en licitadores, no marco dun proceso de negociación. Este poderá desenvolverse en fases sucesivas e culminará coa creación da asociación para a innovación. Esta asociación para a innovación estruturarase á súa vez en fases sucesivas, pero xa non terá lugar entre o órgano de contratación e os licitadores, senón entre aquel e un ou máis socios, e xeralmente culminará coa adquisición das subministracións, servizos ou obras resultantes.



Trátase, polo tanto, dun procedemento no que poderían distinguirse, esquematicamente, catro momentos diferenciados:

- a) selección de candidatos (artigo 178 LCSP)
- b) negociación cos licitadores (artigo 179 LCSP)
- c) asociación cos socios (artigo 180 LCSP)
- d) adquisición do produto resultante (artigo 181 LCSP)

### **9. Publicidade e perfil do contratante**

(Artigos 63, 135, 154, 156, 161, 164, 186 e 207 LCSP)

A LCSP introduce unha nova regulación da figura do perfil de contratante, máis exhaustiva que a anterior, que lle outorga un papel principal como instrumento de publicidade dos distintos actos e fases da tramitación dos contratos de cada entidade. Por exemplo, no anuncio de licitación de contratos que non estean suxeitos a regulación harmonizada a única publicidade obrigatoria será a do perfil de contratante.

En calquera caso, en todos os contratos non sometidos a regulación harmonizada, os prazos para presentar proposicións e solicitudes de participación nos abertos e restrinxidos contarase a partir da publicación no perfil de contratante (artigos 63.3, 156, 161, 164 LCSP ).

Ademais, o perfil deberá conter os seguintes anuncios:

- a) Anuncios de formalización (artigo 154.1 LCSP)
- b) Anuncios de modificación (artigo 207.3 LCSP )
- c) Anuncio de resultados de concursos de proxectos (artigo 186.3 LCSP)
- d) Trimestralmente, adxudicación de contratos baseados nun acordo marco (artigo 154.4 LCSP )
- e) Trimestralmente, obxecto, duración, importe de adxudicación e identidade do adxudicatario dos contratos menores (63.4 LCSP)

### **10. Medios electrónicos**

(Disposicións adicionais 15ª a 17ª LCSP)

A LCSP establece a obrigatoriedade de utilizar os medios electrónicos, que deberán cumprir coas especificacións e requisitos sinalados nas disposicións adicionais 16ª e 17ª, para as seguintes tarefas:

- a) Notificacións e comunicacións na tramitación de procedementos de adxudicación.
- b) Presentación de ofertas e solicitudes de participación.



Non obstante, estes aspectos deben ser obxecto de desenvolvemento mediante orde ministerial.

### **11. Contratación pública nos servizos sanitarios, sociais e educativos dirixidos ás persoas**

(Disposicións adicionais 47ª a 49ª LCSP)

A LCSP establece especialidades na contratación destes servizos e presta a súa atención na utilización de criterios vinculados á mellor calidade da prestación desde a perspectiva da cidadanía, tales como a experiencia do persoal adscrito ao contrato, o reinvestimento dos beneficios obtidos na mellora dos servizos que se presten e o establecemento de mecanismos de participación das persoas usuarias.

Ademais, poderase reservar en favor de determinadas organizacións o dereito a participar nos procedementos de licitación dos contratos de servizos de carácter social, cultural e de saúde, sempre que estas organizacións cumpran cunha serie de condicións e sen que a duración do contrato sexa superior a tres anos.

Finalmente, permítese que a lexislación das comunidades autónomas articule instrumentos non contractuais para a prestación de servizos públicos de carácter social.

### **12. Amplíanse os supostos do recurso especial en materia de contratación**

(Artigo 44 LCSP)

- Contratos de obras: valor estimado superior a 3 millóns de euros.
- Contratos de subministración e servizos: valor estimado superior a 100 mil euros
- Concesións de obras e servizos: valor estimado superior a 3 millóns de euros.

### **13. Causas de resolución**

(Artigo 211 LCSP)

Incorporación de referencias específicas ao concepto de obrigas esenciais do contrato, ao impago de salarios ao traballadores adscritos ao contrato por parte do contratista e aos incumprimentos por parte do contratista dos convenios colectivos de aplicación.

### **14. Subrogación do persoal por sucesión de empresa**

(Artigo 130 LCSP)

Procede cando veña imposta polo convenio colectivo, por unha norma legal ou un acordo de negociación colectiva de eficacia xeral. A información das condicións de subrogación,

cuxo contido mínimo queda regulado, debe incluírse nos pregos e ser facilitada pola empresa saliente por requirimento do órgano de contratación. A LCSP prevé unha referencia expresa para os contratos reservados a centros especiais de emprego e establece a obriga de subrogar as persoas con discapacidade procedentes da anterior contrata, incluso se a nova empresa non ten a condición de centro especial de emprego.

A subrogación do persoal dunha contrata anterior por parte da administración nos casos de asunción dun servizo será obrigatoria cando así o esixa a normativa laboral de aplicación (convenio, norma legal ou acordo xeral).

No caso de que os custos laborais declarados pola empresa saliente sexan inferiores aos reais, o novo contratista terá acción directa contra aquela.

## **15. Modificacións de contratos**

(Artigos 204, 205, 206 LCSP)

### **15.1 Modificacións previstas no prego:**

O importe máximo da modificación pode ser do **20% do seu prezo inicial**, cos seguintes requisitos:

- Cláusula de modificación formulada no prego de xeito claro, preciso e inequívoco que detalle o seu alcance, límites, natureza e o procedemento para levala a cabo.
- Límites: non se poderán fixar novos prezos unitarios non previstos no contrato nin alterar a natureza global do contrato.

### **15.2 Modificacións non previstas no prego ou que, estando previstas, non se axusten ao establecido no punto anterior:**

Deben cumprir os seguintes requisitos:

- Que se limiten a introducir as variacións estritamente necesarias para responder á causa que as motiva.
- Que se xustifiquen nalgún destes supostos:
  - a) Necesidade de engadir obras, servizos ou subministracións aos inicialmente contratados sempre e cando exista imposibilidade de cambio do contratista e a modificación non exceda illada ou conxuntamente do 50% do prezo inicial, IVE excluído.
  - b) Modificacións derivadas de circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento de licitar o contrato sempre que se cumpran os seguintes requisitos: que deriven dunha circunstancia que unha administración



dilixente non puidese prever; que non alteren a natureza global do contrato e que non excedan illada ou conxuntamente do 50% do prezo inicial do contrato.

- c) Modificacións non substanciais: xustificarse a súa necesidade e as razóns polas que non se incluíron no contrato inicial.

**ESQUEMA XERAL SOBRE OS PROCEDIMENTOS SIMPLIFICADO E  
SUPERSIMPLIFICADO**

	OBRAS		SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS	
Modalidade	simplificado	simplificado abreviado	simplificado	simplificado abreviado
Importe igual ou menor de	2.000.000 €	menos de 80.000 €	100.000 €	menos de 35.000 €
Prazo mínimo de licitación	20 días	10 días	15 días	10 días/ 5 días se se trata de adquisición de bens correntes
Cráterios de adjudicación suxeitos a xuízos de valor	Ata un 25% do total	100% criterios avaliábles mediante fórmulas	Atar un 25% do total agás en servizos de tipo intelectual (enxeñería, arquitectura etc.), neste caso ata un 45%	100% criterios avaliábles mediante fórmulas



## **RESUMO DAS PRINCIPAIS NOVIDADES**

- **Todo é un contrato** con independencia da contía
- A, ata agora, “oferta economicamente máis vantaxosa” **non equivale necesariamente á oferta máis barata**: o artigo 145.2 refírese á mellor relación calidade-prezo, que se avaliará consonte criterios económicos e cualitativos.
- **Criterios sociais e ambientais**: como criterios de adxudicación –artigo 145.2.1º- e como condición especial de execución do contrato -artigo 202.
- **Expediente electrónico**: recepción de ofertas, notificacións etc.
- **Regra xeral de división en lotes** para facilitar o acceso das PEMES –artigo 99.3.
- **Tipos de contratos**:
  - Obras
  - Concesión de obras
  - Subministracións
  - Concesión de servizos públicos –antes contrato de xestión de servizos -ver disposición adicional 34ª. Elemento clave da cualificación do contrato: a transmisión do risco operacional.
  - **Servizos**
  - Administrativos especiais –artigo 15.
  - Contratos privados –artigos 25.1.a) e 26: servizos financeiros, artísticos, literarios, espectáculos, subscrición a revistas, bases de datos etc.
  - Contratos mixtos –artigo 18: determinación das normas de adxudicación atendendo á prestación principal.
  - Contratos suxeitos a regulación harmonizada –exclusións no artigo 19.2:
    - Obras de importe superior a 5.548.000,00 €
    - Servizos e subministracións de importe superior a 221.000,00 €
  - Normas especiais para servizos de arquitectura, enxeñería, consultoría e urbanismo –disposición adicional 41ª. Recoñéceselles a natureza de **prestacións de carácter intelectual**:
    - Non é posible licitar considerando como único criterio o prezo nos termos do artigo 145.3.g).



- Como mínimo o 51% dos criterios de adxudicación deben atender a cuestión vinculadas á calidade –artigo 145.4- sen prexuízo do comité de expertos do artigo 146.2.a).
- Non cabe o procedemento aberto supersimplificado –artigo 159.6.
- **Perfil de contratante:**
  - Hai que publicar máis documentos –artigo 63.3.
  - **Publicación trimestral de todos os contratos menores** –por orde alfabética dos **contratistas**, agás os de importe inferior a 5.000,00 € por anticipo de caixa fixa.
  - A ausencia de publicación no perfil do anuncio de licitación é causa de nulidade –artigo 39.2.c).
- **Mesas de contratación:**
  - Suficiente con 3 membros. Se se integran concelleiros, estes non poden exceder de 1/3
  - Obrigatoria en todos os procedementos agás:
    - Contratos menores.
    - Contratos abertos supersimplificados.
    - Determinados supostos de negociado sen publicidade.
  - Non poden formar parte das mesas:
    - Persoal eventual.
    - Persoal interino –agás que non exista funcionario de carreira cualificado.
  - A composición da mesa debe publicarse no perfil do contratante.
- **Desaparece o procedemento negociado sen publicidade pola contía.**

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

A Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Administración

Asdo: María Rozas Pérez